



BOSQUE DE TEIXEDELLO


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 5 km

Dificultade: media (algunhas zonas con moita pendente)

Duración: 4 horas



O bosque de Teixedello é unha mancha de bosque mixto formado por rebolos, bidueiros, acivros, abeleiras, capudres e teixos, que ocupa o val, orientado ao norte, do rego do Teixedello na serra de Gamoneda dentro do termo municipal de Requeixo. Está protexido como LIC.

PERCORRIDO:

Desde Requeixo, onde xa está anunciado na estrada, seguindo as indicacións collemos a estrada da estación do tren e nunha curva á esquerda, despois de cruzar unha ponte, sae á dereita unha pista de terra que ten un indicador de madeira pola que percorremos 3 km para chegar ao aparcamento no que se atopa o inicio da ruta. A camiñada ten dúas partes unha primeira de achegamento ao bosque, 1,5 km para superar uns 150 m de desnivel, por un camiño, nalgúns puntos algo estragado pola erosión da auga das choivas, que discorre por entre mato de uces; e unha segunda polo interior do bosque de rebolos, algo menos de 2 km, a primeira metade en subida, cuns 130 m de desnivel, para chegar ao miradoiro das Penas do Veladero, desde o que gozaremos da panorámica do conxunto do bosque no que destacan os teixos, no verán pola cor característica das follas e no inverno porque son as únicas árbores, xunto cos acivros, que conservan a cor verde; pasado o miradoiro empezamos a baixada que no comezo ten un forte desnivel e logo vai suavizando, onde xa atopamos os primeiros teixos, novos e de pouco porte, ata que cando cruzamos a ponte sobre o regato entramos no grupo principal no que se atopan os exemplares máis coñecidos e fotografados, continuamos a ruta ata que volvemos a cruzar o río onde deixamos de ver teixos e pouco despois chegamos ao punto de confluencia coa subida, case na saída do bosque, para facer a baixada.



Interior do bosque de Teixedello



Vistas do interior do bosque de Teixedello desde o miradoiro.



Teixo (teixu) de 5,10 m de perímetro



Teixo (teixu) de 5 m de perímetro



Teixo (teixu) de 5 m de perímetro



Teixo (teixu) de 4,90 m de perímetro



Teixo (teixu) de 4,70 m de perímetro



Teixo (teixu) de 4,60 m de perímetro



Teixo (teixu) de 4 m de perímetro



Teixo (teixu) de 4,40 m de perímetro



Teixo (teixu) de 4,2 m de perímetro



Teixo (teixu) de 4 m de perímetro



Bidueiro (beduro)
de 4,40 m de perímetro



Rebolo de 2,80 m de perímetro



Capudre
(escantreixo)



Liques



Sanguiño



Aconitum vulparia



Teixos 4,90 e 5,10 m